



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DEZANOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (11/2025)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas do día dezanove de setembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; e a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela, nin o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, que escusou a súa ausencia por motivos laborais conforme anuncia o Sr. Alcalde en funcións.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 18 de xullo de 2025
- 2.- Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 288/2025, de 15 de setembro, pola que se aproban as Liñas Fundamentais do Orzamento para 2026 (Expediente Tedec núm. 2025/G003/000297)
- 3.- Aprobación da Conta Xeral de 2024
- 4.- Adhesión ao novo Convenio entre o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital
- 5.- Adhesión ao convenio marco asinado pola FEMP coa Fundación Vítimas del Terrorismo o 17 de xullo de 2025
- 6.- Adhesión ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) pilas e acumuladores
- 7.- Adhesión á declaración institucional da FEMP ca que, un ano máis, se suma á conmemoración do Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos que se celebra o próximo 23 de setembro
- 8.- Adhesión á declaración institucional da FEMP pola convivencia, a seguridade e o respecto a todas as persoas
- 9.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía dos meses de xullo e agosto últimos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

10.- Moción do grupo municipal do partido popular para o apoio ás medidas da Xunta de Galicia fronte aos incendios forestais

11.- Asuntos urxentes

12.- Rogos e preguntas

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 18 DE XULLO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se a leron todos, se hai algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. D.^a M.^a Belén Salido Maroño, Voceira do Grupo político municipal do Partido Popular contesta que non. Non se producen máis intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a acta da sesión do día 18 de xullo de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 288/2025, DE 15 DE SETEMBRO, POLA QUE SE APROBAN AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO PARA 2026 (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2025/G003/000297)

A resolución da Alcaldía núm. 288/2025 á que se refire este punto da orde do día enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2026

EXPEDIENTE: 2025/G003/000297

ANTECEDENTES:

O artigo 27.2 da Lei 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece a obriga das corporacións locais de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda (MEF), ante do 1 de outubro de cada ano, información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus orzamentos.

En desenvolvemento deste precepto, o artigo 13 da vixente Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas en dita lei, nomeado “Obrigas anuais de subministración de información”, determina que, con carácter anual, remitiranse, antes do quince de setembro, as liñas fundamentais dos orzamentos para o exercicio

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

seguinte, contendo a información necesaria conforme a normativa europea e, polo menos, a que se relaciona no devandito artigo.

O Ministerio de Facenda, na páxina da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, abriu hai pouco a aplicación para o envío dos datos correspondentes ás liñas fundamentais do orzamento de 2026, de acordo coa nomeada Orde HAP/2105/2012, con prazo de envío ata o 15-09-2025, e ademais publicou nela unhas instrucións para a información a comunicar en cumprimento da dita orde sobre as liñas fundamentais do orzamento, cos requirimentos de información que nela se establecen e que obriga á adopción de decisións ao respecto.

Nestas instrucións especifícase que “No 2024, reactiváronse as regras fiscais suspendidas desde 2020. O Acordo do Consello de Ministros do 16 de xullo de 2024, polo que se establecen os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública para todas as Administracións Públicas e cada un dos seus subsectores para o período 2025-2027 para a súa remisión ás Cortes Xerais, e o límite de gasto non financeiro dos Orzamentos do Estado para 2025, de acordo coa Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en diante, LOEPSF), foi rexeitado polo Congreso dos Deputados.

Neste Acordo, para as Entidades Locais fixouse o obxectivo de déficit no 0,0 % do PIB para o trienio contemplado e un obxectivo de débeda pública do 1,3 % para 2025 e 2026 e do 1,2 % para 2027. Establécese a taxa de referencia de crecemento a medio prazo do Produto Interior Bruto da economía española, que limita a variación do gasto computable das Administracións Públicas, no 3,2 %, 3,3 % e 3,4 % para 2025, 2026 e 2027, respectivamente. Tras ser rexeitado polo Congreso dos Deputados e previa consulta aos Servizos Xurídicos do Estado, en virtude dos principios que rexen a aplicación dos regulamentos e actos da Unión Europea e exercendo a responsabilidade atribuída ao Goberno de España, segundo o previsto no artigo 10 da LOEPSF, os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda establecidos para o subsector local na Actualización do Programa de Estabilidade (que sería equivalente ao vixente Plan Fiscal e Estrutural a Medio Prazo do Reino de España no contexto das novas regras fiscais europeas) son vinculantes. Ata a aprobación dos obxectivos, deben considerarse aplicables as previsións contidas no Programa de Estabilidade 2023-2026, que foi avaliado favorablemente polo Consello en xullo de 2023 e contén unha previsión para o subsector das empresas nacionais e estranxeiras (REL) dun superávit do 0,1 % do PIB en 2025 e do 0,2 % do PIB en 2026. En canto á taxa de referencia de crecemento do PIB para os efectos da aplicación da regra do gasto, dado que non se require a súa aprobación polo Parlamento, considérase aplicable a prevista no Acordo do Consello de Ministros do 16 de xullo de 2024, que establece taxas de referencia do 3,2 % e do 3,3 % para os anos 2025 e 2026, respectivamente.”

Resulta de aplicación o disposto no artigo 12.2, 3 e 4 da LOEPSF para a determinación da regra de gasto en 2025, necesaria para a elaboración dos orzamentos das entidades locais e que deberá respectarse na liquidación ao peche do exercicio.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A regra de gasto en 2026 do 3.3% aplícase sobre o gasto computable da liquidación orzamentaria de 2025.”

En virtude desta obriga, procédese á elaboración das Liñas Fundamentais do Orzamento do exercicio de 2026, de acordo co proxecto de Orzamento do Concello para o 2025, por importe de 2.900.000,00€, que, consta asinado dixitalmente pola Alcaldía no expediente electrónico de Tedec 2025/T004/000003.

Nos ingresos, calcúlanse as Pls do 2026 aplicando ás do 2025 dos Cs 1, 2, 3, e 7, un coeficiente de incremento previsto do 1,033, pola información dos exercicios precedentes. No resto e C4 estímase a mesma cantidade que no 2025.

Nos gastos, aplícase un coeficiente de actualización nas Cls previstas para 2026 dos Cs 1, 2 e 3 do 1,033 . Nos Cs 4 e 7 considérase que as Cls deben de ser as mesmas que as de 2025. No C 6, axustase a cantidade para a nivelación do orzamento

Pola súa banda, a estimación de dereitos e obrigas recoñecidas netas de 2025 calcúlase da mesma maneira que para a subministración da información trimestral da execución orzamentaria e avance da liquidación correspondente ao segundo trimestre de 2025, incrementando o importe en 37,005,88€ nos capítulos 7 de ingresos e 6 de gastos, correspondente á actuación subvencionada polo FCL-2025 da mellora da eficiencia enerxética.

Os axustes para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para o exercicio 2025 estímase unicamente pola media na liquidación dos exercicios 2022 a 2024 dos pagamentos pendentes de aplicación. Non se considera ningún axuste por devindicacións nin grao de execución do gasto pola case coincidencia nos últimos exercicios dos dereitos e obrigas recoñecidas coa recadación e pagamentos, nin ningún outro. Nin tampouco para o 2026 neste momento ante a imposibilidade de realizar agora previsións cun mínimo de rigor.

As cifras obtidas segundo o exposto refírense ao correspondente exercicio corrente e, considerando que a execución será similar no 2026 que a estimada para o 2025, cumpren co principio de estabilidade orzamentaria, no sentido de que non ofrecen déficit, con capacidade de financiamento, coa regra do gasto e co obxectivo de débeda, con aforro neto positivo e con cumprimento da porcentaxe de débeda viva sobre os ingresos correntes liquidados.

Á vista do exposto anteriormente e considerando que, segundo o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponden á Alcaldía as competencias asignadas polas leis ao municipio que non atribúan a outros órganos locais, como neste caso, e que, polo tanto, me corresponde a adopción do presente acordo:

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a estimación de dereitos e obrigas a recoñecer e de previsión de débeda para o exercicio de 2025 que figura no cadro seguinte:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

INGRESOS / GASTOS	ANO 2025 (En euros)
INGRESOS	3.402.471,32
Correntes	2.169.204,94
Capital	1.233.266,38
Financeiros	
GASTOS	3.451.872,95
Correntes	1.992.270,87
Capital	1.325.298,22
Financeiros	134.303,76
Saldo operacións non financeiras	134.303,76
Axustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiamento en termos SEC95	-14.262,10
Capacidade ou necesidade de financiamento	74.494,78
Débeda viva 31/12	575.840,91
A curto prazo	0,00
A longo prazo	575.840,91
Ratio Débeda viva/ Ingresos correntes	0,25

SEGUNDO.- Aprobar o resumo económico da estimación das liñas fundamentais do orzamento de 2026, en termos de previsións e créditos iniciais, que figura no seguinte cadro:

ORZAMENTO 2026	
INGRESOS	2.939.985,49
CORRENTES	2.356.113,60
DE CAPITAL	583.871,89
FINANCEIROS	
GASTOS	2.939.985,49
CORRENTES	2.246.516,37
DE CAPITAL	635.885,03

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

FINANCEIROS	57.584,09

TERCEIRO.- Que o Secretario-Interventor do Concello comunique os devanditos datos ao MINF, por medios electrónicos, a través do sistema informático habilitado para o efecto e coa súa firma electrónica, para dar cumprimento ao prazo establecido.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión ordinaria que celebre.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde (Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde/Presidente
Alberto Cortizas Rejo

O Secretario
Baldomero Beceiro Alonso “

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que teñen todos a resolución e explica que é un pouco a previsión que se fai de cara ao próximo ano das liñas do orzamento. Pregunta se hai intervencións, non se produce ningunha e proclama que o pleno toma coñecemento.

3.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2024

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G006/000069, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o certificado da exposición pública da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2024, e do seu resultado, que acredita que dito trámite tivo lugar e que non foi presentada ningunha reclamación, e os demais documentos, datos e antecedentes que obran no expediente tramitado para a súa aprobación; de acordo co ditame favorable da Comisión Especial de Contas do día 10 de xullo último, acadado co voto favorable dos tres concelleiros do Equipo de Goberno e sen que votaran a Concelleira nin os Concelleiros do PP nin o Concelleiro do BNG asistentes á dita sesión, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

APROBAR A CONTA XERAL DESTE CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2024, NOS TERMOS E CIFRAS EN QUE ESTÁ REDACTADA, E SEGUNDO O QUE SEGUE:

A) **BALANCE:** presenta a posición do patrimonio referida ao peche do exercicio, estrutúrase a través de dúas masas, activo (bens, dereitos e gastos que se distribúen en varios exercicios) e pasivo (obrigas e fondos propios), desenvolvidas cada unha delas en agrupacións que representan elementos patrimoniais homoxéneos.

O resultado total (activo e pasivo) é de: 11.065.812,41€.

B) **CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL:** presenta o aforro positivo ou negativo referido a un exercicio, obtido pola comparación de dúas correntes, positiva e negativa, desenvolvida cada unha delas en función da natureza económica da operación.

O resultado dá un aforro no exercicio de -243.770,16€.

C) **ESTADO DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:** presenta, coa debida separación e complementadas cos pertinentes estados das distintas clasificacións e resumes parciais e xerais, as seguintes partes:

Liquidación do orzamento de gastos

O seu resumo presenta o total dos créditos orzamentarios, distinguindo entre créditos iniciais (1.883.574,50€), modificacións de crédito (2.008.179,47€) e créditos definitivos (3.891.753,97€); o total dos gastos comprometidos (3.221.833,00), das obrigas recoñecidas netas (2.947.178,12€), dos pagamentos realizados (2.947.178,12€), da obrigas recoñecidas no exercicio e pendentes de pagamento ao finalizar este 0,00€ e dos remanentes de crédito (944.575,85€)

SEGUNDA PARTE

Liquidación do estado de ingresos

O seu resumo presenta o importe total das previsións, que se distinguen entre: prev. iniciais (2.640.000,00€), modificacións 2.008.179,47€) e prev. definitivas (4.648.179,4€); o total dos dereitos recoñecidos 3.266.626,83€), dos anulados, (10.426,26€), dos cancelados (0€), dos dereitos recoñecidos netos (3.256.200,57 da recadación neta (3.252.733,8€) e dos dereitos recoñecidos no exercicio pendentes de cobro ao rematar este (3.466,75€); e a comparación entre os dereitos recoñecidos netos e as previsións definitivas (-1.391.978,90€).

TERCEIRA PARTE

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Resultado orzamentario

Presenta esta magnitude e a súa modalidade axustada, de acordo co seguinte:

Resultado orzamentario liquidación 2024	
1. Dereitos recoñecidos netos	3.256.200,57
2. Obrigas recoñecidas netas	2.947.178,12
Resultado orzamentario (1-2)	309.022,45
3. Créditos gastados financiados con RTGX	87.130,98
4. Desviacións positivas (restan)	338.934,76
5. Desviacións negativas (suman)	137.816,77
Resultado orzamentario axustado (1 – 2 + 3 - 4 + 5)	195.035,44

D) MEMORIA: está estruturada en 22 apartados e completa, amplía e comenta a información contida no *balance*, a *conta do resultado económico-patrimonial* e o *estado de liquidación do orzamento*, coas características e contido que se establecen na Instrución do modelo normal de contabilidade local. Desta memoria destácase o seguinte:

Remanente de tesourería liquidación 2024			
1	Fondos líquidos na tesourería na fin do exercicio		748,515,62
2	Dereitos pendentes de cobro na fin do exercicio		10.043,31
	Do orzamento corrente	3.466,75	
	Dos orzamentos pechados	4.395,79	
	Das operacións non orzamentarias	2.180,77	
3	Obrigas pendentes de pagamento na fin do exercicio		41.487,84
	Do orzamento corrente	34.526,82	
	Dos orzamentos pechados	500,00	
	Das operacións non orzamentarias	40.987,84	
4	Partidas pendentes de aplicación		11.848,80

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

	Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva (-)	9.760,00	
	Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva (+)	21.608,80	
I	Remanente da tesourería total		728.919,89
II	Saldos de dubidoso cobro		3.296,85
III	Exceso de financiamento afectado		36.030,54
IV	Remanente da tesourería para gastos xerais		689.592,50

O Alcalde en funcións,
Documento asinado dixitalmente"

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que ven a ser a liquidación, que xa teñen todos tamén, e lembra que o Resultado Orzamentario axustado é positivo, en 195.035,44€, e tamén que existe un remanente de Tesourería para gastos xerais de 689.592,52€. Continúa, dicindo que o que se pretende é a aprobación da Conta Xeral do ano pasado e pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir D.^a M.^a Belén Salido Maroño, Voceira do Grupo político municipal do Partido Popular, e manifesta que o seu grupo se vai abster neste punto porque consideran que a xestión que se está a facer desde o Grupo de Goberno non é a adecuada para este Concello e que, vendo os informes de Secretaría e Intervención, conforme falan de todos os reparos que hai en numerosas facturas, consideran que o mellor é que se absteñan.

Non se producen máis intervencións e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a proposta a votación. Vótase e o resultado é o seguinte: 3 votos a favor (PSOE), ningún voto en contra e 4 abstencións (PP). Xa que logo, a conta Xeral de 2024 queda aprobada por maioría.

4.- ADHESIÓN AO NOVO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E DA FUNCIÓN PÚBLICA (SECRETARÍA DE ESTADO DE FUNCIÓN PÚBLICA) E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN MUTUA DE SOLUCIÓNS BÁSICAS DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000011, enviouse, xunto coa proposta de convenio, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o novo Convenio entre o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital e que este Concello xa tiña asinada a súa adhesión ao anterior Convenio de Colaboración coa Xunta de Galicia para a Prestación Mutua de Solucións Básicas de Administración Electrónica.

Tendo en conta que de acordo co disposto no parágrafo primeiro da disposición adicional segunda da Lei 39/2015, do 1 de outubro, para cumprir co previsto en materia de rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, arquivo electrónico único, plataforma de intermediación de datos e Punto de Acceso Xeral electrónico da Administración, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais poderán adherirse voluntariamente e a través de medios electrónicos ás plataformas e rexistros establecidos para o efecto pola Administración Xeral do Estado e, considerando necesaria a adhesión ao dito convenio para o correcto funcionamento dos servizos do Concello, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Prestar aprobación e adherirse ao Convenio entre o Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital.

2º.- Os datos da persoa que asinará o acordo da entidade á que representa son os seguintes:

NIF: 32763398J

Nome e Apelidos: Alberto Cortizas Rejo

Cargo que ocupa: Alcalde en funcións do Concello de Monfero

Norma de nomeamento do cargo que ocupa: arts. 44 e 47 do Real Decreto 2468/1986, de 28 de novembro, nomeamento por Resolución da Alcaldía nº 225/2024 (BOP NÚM. 160 21-08-2024)

Artigo e norma habilitante en virtude da que ten as competencias para a subscrición de convenios: Art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

Nome da entidade á que representa no acto de sinatura do acordo: CONCELLO DE MONFERO

Tipoloxía da entidade adherente (en base as seguintes tipoloxías recollidas na cláusula 1.2 do convenio): Entidade Local

Conta de correo electrónico do Concello na que recibirá os datos de acceso á sala de sinaturas da Xunta na que se lle solicitará que asine o acordo: correo@monfero.es

3º.- A solicitude engloba o total das solucións tecnolóxicas básicas de administración dixital incluídas no convenio, ben porque xa están operativas ou ben por estar en espera de ser autorizado o acceso.

- Sistemas de Aplicacións e Redes para as Administracións (Rede SARA).
- Sistemas de identificación e sinatura electrónica: @firma, TS@, Cl@ve, Port@firmas, Autentica.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- Sistemas para o intercambio de información, datos e documentos entre Administracións Públicas por medios electrónicos:
- Plataforma de Intermediación de datos da Administración Xeral do Estado para a verificación e consulta de datos e o Portfolio SCSP.
- Sistema de Interconexión de Registros (SIR).
- Servizo de intercambio de documentos e expedientes electrónicos con outras administracións e coa Administración de Xustiza.
- Sistemas de posta a disposición de notificacións en formato electrónico: DEHú e Notific@.
- Sistemas de apoderamento e representación: Apodera e Representa.
- Rexistro de Funcionarios Habilitados da Administración Xeneral do Estado (RFH-AGE).
- Punto de Acceso Xeral electrónico da AGE (PAGE).
- Carpeta Cidadana do Sector Público Estatal («Mi Carpeta Ciudadana»).
- Arquivo definitivo de expedientes e documentos (Archive).
- Inventarios de información administrativa: DIR3 e SIA.

4º.- Aceptar de forma incondicionada a totalidade das cláusulas do convenio que lle sexan de aplicación, podendo quedar adherido a calquera das solucións básicas obxecto do convenio, coas especificacións técnicas e funcionais que se recollen no seu Anexo I

5º.- Delegar na Comunidade Autónoma de Galicia a súa participación na Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do dito convenio, aceptando as decisións tomadas no seo de dita Comisión, sen prexuízo do sinalado na mencionada cláusula.

6º.- A adhesión terá efectos desde a data de inscrición da acta de adhesión (Anexo II) no Rexistro electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, previa sinatura, e perdurará durante o período de vixencia do citado convenio.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que se trata de adherirse ao este novo convenio, que é preciso se o Concello quere seguir prestando os servizos electrónicos, como é o do Rexistro, ou o de arquivo, plataformas, etc. Que supón que o lerían todos.

Deseguido pregunta se hai algunha intervención. Non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día, é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación e quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

5.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO ASINADO POLA FEMP COA FUNDACIÓN VÍTIMAS DEL TERRORISMO O 17 DE XULLO DE 2025

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000011, enviouse, xunto co acordo marco e a proposta de convenio, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o Acordo Marco de Colaboración entre a Fundación Víctimas do Terrorismo e a Federación Española de Municipios e Provincias e o modelo de convenio de colaboración a asinar entre a Fundación Víctimas do Terrorismo e o Concello de Monfero no marco do acordo subscrito coa FEMP e, considerando axeitado ao interese do Concello a adhesión e sinatura do dito convenio, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Prestar aprobación ao modelo de convenio de colaboración a asinar entre a Fundación Víctimas do Terrorismo e o Concello de Monfero, no marco do acordo subscrito coa FEMP, que consta no expediente electrónico e proceder a súa sinatura

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que neste punto se trata de adherirse a este convenio que asinou a FEMP coa Fundación Víctimas do Terrorismo, mediante o que o Concello podería desenvolver actividades de sensibilización, visibilización deste problema... sen compromiso en principio de diñeiro ningún.

Deseguido pregunta se hai algunha intervención. Non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día, é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación e quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

6.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) PILAS E ACUMULADORES

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000011, enviouse, xunto co convenio, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver o Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de pilas e acumuladores e a súa Addenda (Anexo VI) e, considerando necesaria a adhesión ao dito convenio para o correcto funcionamento dos servizos do Concello, propóñolle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Prestar aprobación, solicitar a adhesión e adherirse ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de pilas e acumuladores e a súa Addenda (Anexo VI) na modalidade B.

2º.- Aceptar a totalidade de todos os pactos e estipulacións contidas no dito convenio.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que se trata de adherirse a este convenio marco da Xunta de Galicia, para poder recoller as pilas e acumuladores, baterías polo que entende. Que antes había un convenio pero que deixaron de recollelas, nunca volveron por aquí desde fai anos e, con este novo convenio, o Concello establecería uns puntos de recollida, que estarían, como viña sendo habitual, na Casa do Concello e no Centro de Saúde, e despois sería un produtor autorizado pola Xunta de Galicia o que recollería as pilas e baterías e as levaría a un centro para a súa reciclaxe.

Deseguido pregunta se hai algunha intervención. Non se produce ningunha e anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a proposta da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día, é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación e quedan adoptados os acordos que se propoñen nela.

7.- ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEMP CA QUE, UN ANO MÁIS, SE SUMA Á CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL E A TRATA DE MULLERES, NENAS E NENOS QUE SE CELEBRA O PRÓXIMO 23 DE SETEMBRO

A Declaración institucional da FEMP ca que, un ano máis, se suma á conmemoración do Día Internacional contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos que se celebra o próximo 23 de setembro á que se refire este punto da orde do día consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/C010/000011, enviouse, ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A EXPLOTACIÓN SEXUAL E TRATA DE MULLERES, NENAS E NENOS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

23 de setembro de 2025

A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) súmase, un ano máis, á conmemoración do Día Internacional contra a Explotación Sexual e Trata de Mulleres, Nenas e Nenos. Esta xornada interpélanos, como sociedade, a reforzar o noso compromiso contra unha das manifestacións máis graves de vulneración de dereitos humanos e dignidade persoal. Trata con fins de explotación sexual, así como a industria do sexo constitúen realidades profundamente inaceptables, que atentan contra a liberdade, a seguridade e a igualdade entre persoas.

En España, os datos seguen sendo preocupantes. Segundo cifras do Ministerio do Interior, en 2024 identificáronse 632 vítimas de trata, das cales 376 foron sometidas a explotación sexual. Entre elas atopábanse 15 nenas e 1 neno, e o 98% eran mulleres. Estas cifras evidencian o carácter marcadamente feminino destas formas de violencia, o que obriga aos poderes públicos a actuar con determinación e firmeza.

Ningunha forma de explotación pode atopar cabida nunha sociedade libre e democrática. O compromiso coa dignidade humana esixe dismantelar os factores que perpetúan a mercantilización do corpo, especialmente de mulleres, nenas e nenos. Trata non é un fenómeno illado: aliméntase da demanda, a pobreza, a falta de oportunidades e de situacións de especial vulnerabilidade social como é a que sofren mulleres migrantes, racializadas, con discapacidade, LGTBI ou en risco de exclusión, e promover medidas que respecten a súa dignidade, dereitos e diversidade.

As administracións públicas, e moi especialmente os Gobernos Locais, teñen unha responsabilidade directa na prevención, detección, protección e acompañamento ás vítimas. Desde a FEMP, reafirmamos o noso compromiso co impulso de políticas públicas efectivas, cunha perspectiva integral de dereitos humanos, centrada nas vítimas e que priorice a erradicación destas formas de violencia. Neste sentido, consideramos necesario promover marcos normativos que dificulten que locais, plataformas dixitais ou actividades económicas poidan facilitar ou beneficiarse de situacións de explotación sexual, reforzando a vixilancia e o cumprimento da legalidade.

Por todo iso, desde a FEMP, como voz do municipalismo español, instamos a:

- Traballar con visión de futuro e promover unha educación baseada en valores de igualdade, dignidade e respecto, impulsando programas nos centros escolares que fomenten a concienciación temperá fronte a calquera forma de explotación, e que contribúan á transformación social necesaria para erradicar trata.
- Fomentar unha conciencia crítica que rexeite o consumo de prostitución e combata as mensaxes que normalizan ou minimizan esta realidade.
- Consolidar redes locais de apoio, que garantan o acceso a recursos habitacionais, sanitarios, xurídicos e laborais fomentando espazos de formación e de emprego digno que proporcionen alternativas reais para quen decida saír de situacións de explotación.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

- Reafirmar o compromiso firme das nosas entidades locais coa igualdade de oportunidades, a xustiza social e a defensa dos dereitos fundamentais.
- Favorecer a participación activa de mulleres que superasen situacións de trata no deseño e avaliación de políticas públicas, recoñecendo a súa experiencia como elemento enriquecedor.
- Reforzar a cooperación internacional e o traballo en rede con municipios e entidades de países de orixe, orientando os esforzos á prevención de trata de raíz, ao intercambio de boas prácticas e ao desenvolvemento de proxectos que aborden as causas profundas da situación de vulnerabilidade e risco.

Hoxe, 23 de setembro, expresamos o noso rexeitamento firme e decidido a trata e á explotación sexual de mulleres, nenas e nenos, e renovamos o noso compromiso coa construción de municipios seguros, inclusivos e libres de toda forma de violencia. Cada paso que demos nesta dirección será unha contribución a un futuro máis digno no que ningunha muller, nena ou neno sexa xamais tratado como unha mercadoría.”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que propoñen que este Concello se adhira a esta declaración para loitar contra esta lacra social.

Pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter a votación a adhesión a declaración. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama a adhesión do Concello á Declaración Institucional da FEMP ca que, un ano máis, se suma á conmemoración do Día Internacional contra a explotación sexual e a trata de mulleres, nenas e nenos, que se celebra o próximo 23 de setembro, á que se refire este punto da orde do día, que é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación.

8.- ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEMP POLA CONVIVENCIA, A SEGURIDADE E O RESPECTO A TODAS AS PERSONAS

A Declaración institucional da FEMP pola convivencia, a seguridade e o respecto a todas as persoas á que se refire este punto da orde do día consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/C010/000011, enviouse, ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

Pola convivencia, a seguridade e o respecto a todas as persoas

Desde o Consello Territorial da FEMP, manifestamos o noso firme compromiso cunha sociedade baseada no respecto, a lei e a convivencia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Condenamos rotundamente calquera forma de racismo, violencia ou discurso de odio, así como calquera intento de dividírnos ou atacar a dignidade das persoas pola súa orixe, identidade ou crenzas.

As situacións vividas nos últimos días nalgúns municipios non representan o sentir maioritario dunha cidadanía que aposta pola paz e a inclusión. Por iso, reclamamos que se investigue a fondo o sucedido e, no caso de que existan responsabilidades, estas asúmanse. Ningún delito de odio pode quedar sen resposta.

A xustiza é esencial, pero tamén o é o compromiso colectivo con políticas públicas que promovan a igualdade, a cohesión social e os Dereitos Humanos. Desde as entidades locais, debemos seguir impulsando espazos seguros e diversos onde todas as persoas poidan vivir con liberdade e dignidade.

Recoñecemos e valoramos o traballo das Forzas e Corpos de Seguridade, que cada día protexen a nosa convivencia e garanten a seguridade que veciñas e veciños demandan, así como esiximos a dotación de medios e recursos suficientes que aseguren o mellor desempeño do seu traballo.

Por todo iso, facemos un chamamento á unidade. Só desde o respecto mutuo, o cumprimento da lei e o compromiso común, construiremos pobos e cidades máis xustos, libres e seguros para todas e todos."

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se leron a declaración, se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter a votación a adhesión do Concello a esta declaración institucional. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama a adhesión do Concello á Declaración Institucional da FEMP pola convivencia, a seguridade e o respecto a todas as persoas á que se refire este punto da orde do día, que é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación.

9.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES DE XULLO E AGOSTO ÚLTIMOS

O extracto das resolucións da Alcaldía dos meses de xullo e agosto de 2025, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese literalmente deseguido:

EXTRACTO RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2025

Nº Decreto

Asunto

Data sinatura

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00214/2025	ASISTENCIA TÉCNICA E URBANÍSTICA 2º SEMESTRE ANO 2025	2025-07-01 13:53:00
00215/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 03-07-2025 (23/2025)	2025-07-02 12:58:00
00216/2025	MODELO 111 2ºT/2025	2025-07-03 12:17:00
00217/2025	MODIFICACIÓN PERÍODO VACACIONAL POR RAZÓN DO SERVIZO	2025-07-04 14:47:00
00218/2025	ACEPTACIÓN PROPOSTA ADXUDICACIÓN	2025-07-04 14:48:00
00219/2025	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA 10-07-2025 (1/2025)	2025-07-07 14:56:00
00220/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2025	2025-07-07 14:59:00
00221/2025	MODIFICACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL APROBADO 2025	2025-07-08 12:17:00
00222/2025	CONTRATACIÓN PEÓN APROL 2025	2025-07-08 12:18:00
00223/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 09-07-2025 (24/2025)	2025-07-08 13:24:00
00224/2025	NOMEAMENTO AUXILIAR ADMINISTRATIVO POS+ Adicional 1/2025	2025-07-10 13:12:00
00225/2025	NOMEAMENTO AUXILIAR ADMINISTRATIVO SUBSTITUCIÓN VACACIÓNS	2025-07-10 13:17:00
00226/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 18-07-2025 (10/2025)	2025-07-11 14:41:00
00227/2025	CONVOCATORIA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN ORZAMENTO 2025	2025-07-11 14:42:00
00228/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL	2025-07-14 14:50:00
00229/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-07-14 14:50:00
00230/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-07-14 14:51:00
00231/2025	MODIFICACIÓN PERÍODO VACACIONAL POR RAZÓNS DO SERVIZO	2025-07-15 22:45:00
00232/2025	SOLICITUDE ANTICIPO SUBV. PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026	2025-07-15 22:46:00
00233/2025	F ADICI FCL MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA EDIF TITULARIDADE MUNICIPAL	2025-07-16 12:33:00
00234/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 18-07-2025 (25/2025)	2025-07-17 14:03:00
00235/2025	MOVEMENTO POBOACIONAL 2ºT/2025	2025-07-17 13:53:00
00236/2025	SOLICITUDE DE DESFRUTE 1º DÍA DE ASUNTOS PARTICULARES 2025	2025-07-23 14:24:00
00237/2025	BAIXA AUXILIAR SAF POR ESGOTAMENTO PERÍODO IT	2025-07-23 14:25:00
00238/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 24-07-2025 (26/2025)	2025-07-23 15:21:00
00239/2025	EXPDETE. M.C 12/2025 XENERACIÓN CRÉDITOS FONDO ADICIONAL AO FCL	2025-07-28 13:09:00
00240/2025	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 11/2025 RECTORAL CANEDO	2025-07-28 13:10:00
00241/2025	NÓMINA 07/2025	2025-07-29 22:40:00
00242/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 31-07-2025 (27/2025)	2025-07-30 13:20:00
00243/2025	SOLICITUDE DE 1º DÍA DE ASUNTOS PARTICULARES	2025-07-31 14:22:00
00244/2025	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS 07/2025	2025-07-31 14:23:00
00245/2025	SOLICITUDE 1º DÍA ASUNTOS PARTICULARES	2025-07-31 14:22:00
00246/2025	ACEPTACIÓN RENUNCIA FUNCIONARIO DE CARREIRA OPERARIO SERVIZOS MÚLTIPLES	2025-07-31 14:22:00



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00246/2025	ACEPTACIÓN RENUNCIA FUNCIONARIO DE CARREIRA OPERARIO SERVIZOS MÚLTIPLES	2025-07-31 14:55:00
00247/2025	CESE AUXILIAR ADMINISTRATIVO FUNCIONARIO INTERINO	2025-08-01 11:16:00
00248/2025	modificación ORZAMENTARIA 13/2025 POS+ 2025 ANUALIDADE 2025	2025-08-06 13:18:00
00249/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 8-08-2025 (28/2025)	2025-08-07 14:20:00
00250/2025	15ª actualización LISTA DE AGARDA SAF LC	2025-08-11 13:51:00
00251/2025	CONCESIÓN DE DÍAS DE ASUNTOS PARTICULARES JMCD	2025-08-11 15:33:00
00252/2025	CONCESIÓN DE DÍAS DE ASUNTOS PARTICULARES AMLE	2025-08-11 15:33:00
00253/2025	solicitud DE PERMISOS Y LICENCIAS DE PERSOAL MGP	2025-08-11 15:33:00
00254/2025	DECRETO SAF SERVICIOS MÍNIMOS	2025-08-12 10:54:00
00255/2025	Contrato Menor. SERVICIO TÉCNICO DIRECCIÓN OBRAS E COOR. SEGURIDADE SAÚDE	2025-08-12 12:42:00
00256/2025	CONCESIÓN DE AXUDAS TÉCNICAS	2025-08-12 12:43:00
00257/2025	MODIFICACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2025	2025-08-15 02:32:00
00258/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-08-15 02:32:00
00259/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL CONDUTOR 2025	2025-08-15 02:33:00
00260/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2025	2025-08-19 09:54:00
00261/2025	ORZAMENTO 2025	2025-08-25 11:17:00
00262/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2025	2025-08-26 13:08:00
00263/2025	EXPDTE 10/2025- SUPERÁVIT	2025-08-26 13:09:00
00264/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 28-08-2025 (29/2025)	2025-08-27 12:17:00
00265/2025	CONCESIÓN DE AXUDA TÉCNICA DO SERVIZO PRÉSTAMO	2025-08-27 11:59:00
00266/2025	MODIFICACIÓN PERÍODO VACACIONAL POR RAZÓNS DO SERVIZO	2025-08-27 11:59:00
00267/2025	NÓMINAS 08/2025	2025-08-27 13:23:00

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que o leron todos e pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e proclama entón que o pleno toma razón e da paso ao punto seguinte.

10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA O APOIO ÁS MEDIDAS DA XUNTA DE GALICIA FRONTE AOS INCENDIOS FORESTAIS

A moción do Grupo Municipal Popular de Monfero para o apoio ás medidas da Xunta de Galicia fronte aos incendios forestais, á que se refire este punto da orde do día, consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000011, enviouse, ao mesmo que a convocatoria desta sesión, ao Sr. Concelleiro do BNG, e transcríbese textualmente a continuación:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA O APOIO ÁS MEDIDAS DA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

XUNTA DE GALICIA FRONTE AOS INCENDIOS FORESTAIS

Exposición de motivos

Galicia sufriu no me de agosto de 2025 unha vaga de incendios forestais de magnitude sen precedentes en Galicia. A provincia de Ourense concentra a maior parte dos focos, con incendios de gran magnitude, xunto con outros en municipios da provincia de Lugo e zonas da provincia da Coruña e Pontevedra.

Esta traxedia, ademais das consecuencias ambientais, puxo en risco vivendas, explotacións gandeiras e agrícolas, infraestruturas públicas e, sobre todo, a vida das persoas. Vivimos unha situación de incendios anómala e de especial virulencia polas condicións climáticas actuais.

As investigacións en marcha indican que a gran maioría destes incendios foron provocados, unha realidade que engade dor á devastación sufrida e que pon de manifesto a necesidade de seguir reforzando a loita contra os incendiarios, a persecución penal destes delitos e as campañas de concienciación cidadá. Galicia non pode tolerar que o esforzo de tantas persoas e o valor do noso patrimonio natural quede á mercé da acción irresponsable e criminal dunha minoría.

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, exerceu un papel de liderado claro e firme, desprazándose en varias ocasións ás zonas máis afectadas, supervisando o operativo a diario e transmitindo á cidadanía mensaxes de serenidade e confianza. O presidente destacou que "houbo máis medios ca nunca" e que a decisión de activar a máxima emerxencia foi clave para garantir unha resposta rápida e eficaz.

Resulta necesario subliñar que estamos ante un esforzo histórico en extinción, no que o Goberno galego despregou o maior dispositivo da súa historia: máis de 3.000 profesionais do servizo de Prevención e Defensa contra incendios forestais, máis de 200 bombeiros, GES e Protección Civil, 343 efectivos en brigadas municipais, 380 motobombas, 39 buldózer, 12 batracios, máis de 30 medios aéreos e persoal da Policía Autonómica, da UME e das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

A resposta da Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, foi inmediata e contundente. Ademais, na provincia de Ourense activouse o nivel 2 de emerxencia o día 12 de agosto, o que permitiu mobilizar todos os recursos dispoñibles, incluída a Unidade Militar de Emerxencias (UME), que se sumou aos medios autonómicos e locais.

Cómpre poñer en valor o extraordinario esforzo realizado por eses efectivos despregados. Grazas á súa entrega e valentía, tamén do de centos de voluntarios e veciños que colaboraron activamente, salváronse vidas humanas, protexéronse vivendas e minimizáronse danos que, doutra maneira, poderían ter sido aínda maiores.

A virulencia dos lumes, favorecida polas condicións climáticas extremas e pola seca acumulada, obrigou a priorizar a defensa das persoas e das vivendas mediante unha triaxe e redistribución constante dos medios no territorio. Desde o primeiro momento solicitouse a colaboración do



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Goberno central, con especial insistencia na achega de maquinaria pesada e medios aéreos adicionais.

Unha vez controlada a emerxencia inmediata, ábrese agora unha nova etapa: a da recuperación. O impacto destes incendios é enorme. Miles de hectáreas de monte quedaron devastadas, con graves riscos de erosión e perda de biodiversidade. Familias, agricultores e gandeiros viron como o lume destruíu as súas explotacións, maquinaria, colleitas ou pastos. Tamén o sector turístico e hostaleiro de moitas comarcas sufriu un duro golpe pola paralización da súa actividade en pleno verán.

Neste sentido, o Goberno galego está ao carón dos afectados polos incendios, impulsando un gran esforzo técnico e económico para atender ás necesidades dos veciños damnificados polos lumes. Tal e como anunciou o presidente, a Xunta habilitou de maneira inmediata e urxente un paquete de axudas para que as persoas damnificadas poidan solicitar compensacións sen demora. Estas axudas están dirixidas tanto a familias como a explotacións agrogandeiras e empresas locais, conscientes de que a recuperación económica e social das zonas afectadas é unha prioridade. Para facilitar a súa tramitación o Goberno galego xa ten abertas 16 oficinas próximas ás zonas afectadas nas que prestarán servizo medio centenar de empregados públicos, e está a traballar arreo co compromiso de resolver todas as solicitudes no prazo máis breve posible. Ademais, tamén está á disposición dos cidadáns o teléfono de información 012 que se verá reforzado. Así mesmo, desenvólvese un plan específico de restauración hidrolóxica e forestal para frear a erosión, recuperar o solo e favorecer a rexeneración natural da vexetación.

Nesta nova etapa cómpre destacar tamén o traballo de prevención levado a cabo no marco do Pladiga 2025, que inclúe actuacións estratéxicas como a creación de áreas cortalumes en máis de mil hectáreas, faixas auxiliares de pista en preto de 970 hectáreas, mellora de máis de 400 quilómetros de pistas forestais, tratamentos silvícolas preventivos, queimas prescritas en máis de 1.400 hectáreas e a revisión e mantemento de máis de 5.000 puntos de auga.

A isto engádense subvencións de 3 millóns de euros destinadas á prevención de danos nos bosques, que permitirán actuar en máis de 4.000 hectáreas. Só entre abril de 2024 e marzo de 2025 xestionáronse máis de 60.000 hectáreas de superficie, preto de 5.400 km de vías, 17 km de sistemas silvopastorais, case 4.900 puntos de auga e máis de 47.000 hectáreas de parcelas revisadas no estado da súa biomasa.

Neste mesmo eido é salientable o convenio de colaboración coa Fegamp e coa empresa pública Seaga para a xestión da biomasa preto das vivendas. A pesar de que a lei atribúe a responsabilidade da limpeza das faixas de protección aos propietarios e, subsidiariamente, aos concellos, a Xunta de Galicia leva desde 2018 asumindo un papel activo para facilitar esta tarefa. O último convenio, vixente ata o 31 de decembro de 2024, foi renovado este ano cunha dotación de 12,25 millóns de euros (7,75 achegados pola Consellería do Medio Rural e 4,5 procedentes do Fondo de Cooperación Local).

No marco do convenio anterior inspeccionáronse preto de 2,34 millóns de parcelas, que supoñen



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

máis de 170.000 hectáreas, emitíronse máis de 590.000 notificacións e publicáronse case 357.000 referencias catastrais. Estes datos amosan a eficacia dun instrumento que axuda aos concellos a cumprir unha tarefa imprescindible para garantir a seguridade das persoas e dos bens.

Ademais, o Goberno galego vén de anunciar que a Xunta axudará aos concellos a asumir a xestión e limpeza das faixas secundarias naqueles municipios de menos de 10.000 habitantes, identificando así mesmo cos concellos as rozas máis urxentes e prioritarias.

Tendo en conta que estes incendios foron, na súa gran maioría, provocados de maneira intencionada, estamos obrigados a reforzar as políticas de prevención e vixilancia, creación de franxas cortalumes, mantemento de pistas forestais, depósitos de auga estratéxicos e incremento das tarefas de control durante os meses de maior risco. E, ao mesmo tempo, a intensificar a persecución penal dos incendiarios e as campañas de concienciación social que contribúan a erradicar esta lacra.

Por todo iso, resulta imprescindible que todas as administracións -a Xunta, o Goberno central, as deputacións e os concellos- traballen conxuntamente nun marco de cooperación real e efectiva, sumando recursos e experiencias para mellorar a planificación, a prevención e a capacidade de resposta.

Finalmente, é necesario salientar o esforzo orzamentario realizado pola Xunta de Galicia, cun investimento en 2025 que rolda os 180 millóns de euros na Dirección Xeral de Defensa do Monte, dos cales uns 50 millóns se destinan especificamente a prevención. Se sumamos outras iniciativas da Consellería do Medio Rural, en especial da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, a cifra total ascende a uns 200 millóns de euros. Entre estas medidas cómpre citar o plan anual de recuperación da terra agraria, o plan de pastos, as axudas para a recuperación de soutos, a creación de novas superficies forestais, a xestión activa de frondosas, o fomento da boa gobernanza da propiedade forestal privada e o apoio ás agrupacións forestais de xestión conxunta.

Propostas de acordo

1. Instar á Xunta de Galicia a resolver con axilidade e celeridade as axudas habilitadas en apoio ás persoas, familias, empresas e explotacións gandeiras e agrícolas afectadas polos incendios.
2. Solicitar, ás administracións competentes estatal e autonómica, no ámbito das súas competencias (nomeadamente Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil) que se intensifiquen e coordinen as medidas de recuperación ambiental, incluíndo actuacións inmediatas de protección do solo, restauración hidrolóxica e forestal, e plans de recuperación da biodiversidade das zonas queimadas.
3. Instar á Xunta de Galicia a fortalecer os programas de prevención e vixilancia en colaboración cos concellos, garantindo o reforzo das brigadas, a mellora das infraestruturas de defensa e a limpeza de masas forestais nas zonas de maior risco.
4. Propoñer a creación de mecanismos de coordinación permanente entre a Xunta, o Goberno central, as deputacións e os concellos para mellorar a planificación, a prevención e a capacidade de resposta fronte a futuros episodios de incendios forestais.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

5. Instar ao Goberno de España á creación dunha base permanente da Unidade Militar de Emerxencias (UME) en Galicia, nas instalacións do Centro Integral de Loita contra o Lume no concello de Toén.

6. Dar traslado deste acordo ao Goberno de España, á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería do Medio Rural, ás deputacións e á Fegamp, convidando a todas as administracións a sumar esforzos no camiño da prevención, recuperación e defensa do noso territorio.

En Monfero, a 15 setembro de 2025

Fdo.: Maria Belén Salido Maroño

Voceira e portavoz do Grupo Popular de Monfero"

O Sr. Alcalde en funcións concédelle a palabra a D.^a M.^a Belen Salido Maroño, Voceira do Grupo político municipal do Partido Popular, quen manifesta que se queren que le a moción. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que pola súa parte non é necesario. Continúa a Voceira do Grupo Popular dicindo que este verán foi moi crítico no tema de incendios, un verán moi seco, e que o que se pretende con esta moción é que se axilice o tema das subvencións e á parte que se cre a base da UME e todo iso porque cre que nos debemos de preparar máis a fondo para vindeiros veráns, xa que o cambio climático está afectando moitísimo e no verán non vai a ir a mellor, e traballar o máximo posible para que non volvan suceder desgrazas como se deron este ano, xente que o perdeu todo.

Manifesta agora o Sr. Alcalde en funcións que o seu grupo vai a votar a favor da moción porque están de acordo con todos os puntos.

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a votación a aprobación da moción. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, proclama que a moción do Grupo Municipal Popular de Monfero para o apoio ás medidas da Xunta de Galicia fronte aos incendios forestais, á que se refire este punto da orde do día, é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación.

11.- ASUNTOS URXENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que non se produciu ningún, ninguén solicita a palabra para intervir e da paso ao punto seguinte.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, e manifesta que traen varias cosas para o Goberno.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Expón que o primeiro que traen é un rogo, porque xa están fartos de escoitar sempre o mesmo: que se lles poña como escusa por todos os males que hai no Concello. Que piden unha vez máis, como xa o faloron en varios plenos, que cando haxa un problema non se escuse o Goberno en botar a culpa ao PP nin á oposición. Que cre que se hai un problema teñen que atallalo e afrontalo e solucionalo e non, o mais fácil, dicir que a culpa é do PP ou é da oposición. Que iso lles parecen soamente escusas de mal pagador. Que no tema das carpas lles chegou que non se pagaban por culpa do PP e que iso non é verdade, porque por culpa do PP non é. Que se dicía que o PP non aprobara os Orzamentos, cando votaron en contra dos Orzamentos por unhas razóns que foron faladas en sede plenaria e á parte que tampouco se lles chamou para negociar nada. Que a culpa de que non se paguen as carpas é soamente do Goberno Municipal porque non o fixo como debería de facelo. Que non se pagara o Grelo antes, estamos en setembro, quedan poucos días para iniciar outubro, que foi a primeira este ano, que está sen pagar, que está todo sen pagar... Que entende o medo que hai nas comisións de festas por culpa de que se non van poñer carpas por non cobrar do Concello, pero que se lles culpe de todos os males que suceden no Concello... cre que xa esta ben. Que hai que afrontar as cousas doutra maneira, con responsabilidade e non así.

Continúa con outro rogo relacionado co tema dos incendios, e propoñen ao Goberno, desde o Grupo Popular, que se fagan captacións de auga en todas as parroquias. Que este verán tocaron dous incendios en Monfero e grazas a Deus non houbo que lamentar danos materiais nin persoais pero que o que si se bota en falta moitas veces... non se pensa e despois cando suceden estas cousas bótase en falta que, ante un incendio, haxa un punto de auga cerca para que as motobombas e mesmo, se pode ser, un helicóptero, non teñan que desprazarse a varios quilómetros para coller auga. Que sabe que en Queixeiro hai unha e en Guilfonso hai outra pero que hai parroquias que non a teñen e incluso algunha parroquia, pola súa extensión, podería ter dúas. Que cre que non é tan difícil de facer nin supón tantísimo investimento e sería algo que quitaría, seguramente de moitos apuros e máis coa masa forestal que temos en Monfero, que temos moitísima. Conclúe que o rogo que queren facer é que se fagan puntos, acumuladores de auga, onde se poida coller auga en casos de urxencia, xa non só en sentido forestal senón tamén para o casos de incendios en vivendas, como xa pasou hai anos, e polo menos poder atallalos de maneira rápida. Que piden como mínimo un en cada parroquia se ben, por extensión, nalgúnhas, igual, fala no caso de Val de Xestoso, igual podería ter incluso dúas.

Deseguido, manifesta que teñen que falar tamén, despois do verán, da limpeza dos colectores, que é algo que clama ao ceo. Que verán tras verán veñen falando diso porque no verán, coa calor, os colectores cheiran que... os veciños quéixanse, normal, con razón, porque cando se vai tirar o lixo... ela mesma, coma usuaria, lle pasa o mesmo: vai tirar o lixo e iso é tremendo, o cheirume que se desprende dos colectores. Conclúe que o que piden é que, por favor, se limpen os colectores, que nunca se fixo, e que se desinfecten, porque cre que os veciños cando vaian a utilizar o servizo deben de ter un bo servizo e non como os teñen.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Di agora que, pasado o verán, queren saber tamén cal é a situación do PXOM, xa que están en setembro, queda pouco tempo para rematar o ano, poucos meses, e entón queren saber que avances tivo nestes meses, que botaron dous meses sen pleno, desde o mes de xullo, e queren saber cal é a situación e que agradecerían tamén que se ciñeran á realidade e non veñan aquí a contar unha película que non ten nada de real.

Seguidamente fala dos servizos sociais. Di que lles están chegando queixas. Que é un tema para non esquecer porque levan toda a lexislatura falando de servizos sociais e cre que o van seguir facendo ata que remate a lexislatura. Que encontraron xente que queda sen atender, que non se avisa cando non ten o servizo, que se lle quitaron horas, que hai un grao 3 que se lle quitaron horas, que si é certo que foi asinando un consentimento, pero que evidentemente unha persoa cando se lle di que se pode renunciar á parte do tempo para axudar a outra que está mal, iso é meter ás familias entre a espada e a parede, porque evidentemente ninguén, cre que ninguén, é tan avaricioso como para non ceder parte do tempo para axudar a outra persoa, sobre todo aquí en Monfero, que cre que todo o mundo o faría, aínda que esa persoa acabe perdendo. Que ese non é o xeito de xestionar o servizo de axuda no fogar, que o xeito non é quitarlle tempo a unha persoa que o ten por lei para dárllelo a outra, que entende que as familias o fan pero non se debería de facer así. Continúa, manifestando que lles chega que as traballadoras da empresa non cobran as horas extra, que parece ser que (o Alcalde en funcións) é coñecedor deste tema, que entende que quen as ten que pagar é a empresa que non é o Concello, pero que é unha empresa que o Concello ten contratada aquí, en Monfero, para atender aos dependentes e, se as traballadoras non están cómodas no seu posto de traballo ou non se lles pagan as horas extra, isto pode repercutir á hora de dar o servizo porque se non lles pagan as horas extra, moitas se poden negar a facelas e poden quedar usuarios sen atender e que, entón, isto é a pescada que se morde a cola, é todo un círculo. Conclúe preguntando como van atallar estes problemas e cando se vai ter un servizo como os dependentes merecen e o teñen recoñecido por lei.

Neste intre, pregunta como se atopa o campo de fútbol, que parece ser que a principios de setembro, segundo o que lles informan, estaba anegado e incluso o día 6, o Domingo dos Remedios cre que foi o 6, que había o Torneo do Café-bar Xestoso, e que parece ser que incluso o Técnico Deportivo municipal valoraba a opción de que non se realizara polo mal estado do campo e entón, como esta semana cre que foron uns técnicos a velo, segundo teñen coñecemento, e que se escarificou ou algo se lle fixo, que queren saber cal é a situación do campo de fútbol porque fai pouco tempo, fai dous ou tres meses, trouxeron unha moción ao pleno que foi rexeitada, onde pedían que se arranxara o problema do campo de fútbol e, se agora mesmo, no mes de setembro, temos este problema, non queren pensar como estará no mes de decembro, e que entón a ver se polo menos os informan de cal é a situación.

Remata, dicindo que lles gustaría que se lles dera un informe onde se lles explicara cales foron as obras que realizaron os traballadores municipais este verán, aí onde as fixeron, se fixeron unha taxa, se fixeron unha entrada... Que lles gustaría ter unha relación de todas estas obras onde se lles informe de todo isto.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

A continuación, o Sr. Alcalde en funcións manifesta, canto ao rogo relativo ás subvencións para as carpas, que para el é buscar polémica onde non a hai. Que a el non se lle queixou ningunha comisión en relación co que di de que se culpa ao PP non sei que... Que do que lle digan que crea só a metade, que lle faiga caso. Que só houbo unha persoa que lle preguntou que votara o PP e que lle dixo que votara en contra pero que lle recalcou que non votara en contra ás subvencións senón que votou en contra a un documento xeral que é o orzamento. Que non haxa malos entendidos, que a esa persoa, que se quere abaixo dille quen é, díxolle que votou en contra ao documento xeral que non votou en contra especificamente á subvención súa nin nada, que quede claro, que iso díxollo perfectamente. Que houbo unha única comisión que lle preguntou en agosto cando ía pagar, que do resto, ningunha. Que o da Feira do Grelo que di que se celebrou en febreiro, que está de acordo, pero que case todos os anos veñen a xustificar a finais de ano, que non sabe por que, que non sabe se é que non teñen xustificación ou tal, así que... Insiste en que en ningún momento dixo que fora culpa deles (PP) nin nada, que dixo que votaran en contra do documento xeral pero non en contra das subvencións. Que para el é buscar polémica onde non a hai. Que esta semana xa viñeron un montón de asociacións e comisións a xustificar as axudas. A Voceira do Grupo Popular manifesta que se alegra. Segue o Sr. Alcalde en funcións dicindo que viñeron moitísimas pero que xa sabe que o orzamento se aprobou en xullo e non se podía pagar antes, que se podía pagar antes pero se se pagaban antes pagaríanse as relativas ao 2023, nin sequera ao 2024, e moitas asociacións e comisións non terían as subvencións que teñen agora se o orzamento non fora aprobado, que iso tamén é verdade, e que unha vez que se aprobou o orzamento, houbo vinte días de exposición pública, e despois aínda aprobaron o modelo de convenio, que se aprobou esta semana ou a semana pasada, pregunta ao Secretario, quen o confirma. Reitera que en ningún momento dixo que fora culpa deles (PP), que o entenderan así ou que alguén lles fora co conto, pois que vale, que xa sabe como é a política, que a el tamén lle chegan moitas cousas que din eles (PP) e non se mete nelas, que así é a política, que el non o toma ao persoal.

Canto ao tema dos incendios e as captacións de auga, o Sr. Alcalde en funcións manifesta que está de acordo con ela (Voceira do PP). Que hai un en Guilfonso, outro en San Bartolomeu, outro en Queixeiro. Que a súa (Grupo de Goberno) proposta, xa desde fai anos, é que querían adicar a punto de auga a piscina vella. Que no seu momento, técnicos da Xunta dixeran que igual non era viable porque estaba a piscina nova ao lado, polo helicóptero e tal, pero que cre... falou o outro día cun forestal de medio ambiente e que lle dixo que nun futuro posiblemente a autorizaran, que o problema que hai é que non sabe se hai camiño para a saída da motobomba pola beira do prao, que o ten que mirar, pero que para un helicóptero estaría xenial porque ademais ten moitos litros e é moi fonda. Que falaba (a Voceira do PP) de Xestoso e en Xestoso que cre que hai algún punto de auga, pregunta se hai algún por Penafeixa ou por aí. Intervenien varios Concelleiros falando a un tempo para concluír que en Penafeixa hai un punto e no Alto de Xestoso hai outro punto pero que no Val de Xestoso non o hai. Conclúe o Sr. Alcalde en funcións que está de acordo con este rogo e



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

que ademais é moi importante e que tamén hai unha norma que di que, no caso de emerxencia, se poden meter nas piscinas privadas.

Contesta agora en relación coa limpeza de colectores, que di (a Voceira do PP) que nunca se fixo, que si que se fixo, que na pandemia xa se fixo durante dous ou tres anos. Replica a Sra. Voceira do PP que na pandemia só unha vez simplemente desinfección. Contrareplica o Sr. Alcalde en funcións dicindo que tamén se lles fixo limpeza e que este tema o ten previsto desde principios de ano, que lle pasaron dous orzamentos, que cun non está de acordo porque lle cobran por colector e é unha barbaridade e que o outro é un camión que lava colectores e poñería o Concello o persoal municipal. Insiste en que o orzamento que lle pasou unha empresa prezo por colector para el é desorbitado. Conclúe que cren que neste mes ou no que entra poden ter a limpeza.

Respecto do PXOM contesta que están corrixindo o Catálogo Patrimonial, que cando queira llo pode pasar (a Voceira do PP), que hai moitos erros e iso leva moito tempo corrixilo.

Fala deseguido do tema das horas extra dos servizos sociais. Manifesta que xa é coñecedor desde hai meses. Que parece ser que aí, nun principio, a empresa quedou coas traballadoras que, a cambio das horas extra, lles daban días libres, que nun primeiro momento aceptaron pero que despois houbo traballadoras que non quixeron, que querían cobralas, e que están aí para falar coa empresa para que llas pague e que non lles dean días libres no seu lugar, que de momento dixéronlles que neste mes non as van pagar pero que antes de finais de ano que consideraban que si. Que o problema foi que no seu momento tomaron un acordo, que non sabe se foi verdade nin como foi, de cambiar as horas extras por días libres e agora as traballadoras non queren, as queren cobrar.

No outro tema de servizos sociais do que falou (a Voceira do PP), de que se quitaron horas, que foi verdade que foi con consentimento, que non se obrigou para nada. Que o problema é o que leva pasando todo este ano, que hai falta de persoal. Que ás veces avisan as traballadoras, que fala das da empresa non das do Concello, con días de antelación, que ao día seguinte non veñen que están enfermas e a empresa non da cuberto esas baixas. Que o que lle chama a atención é o que dixo de que non avisan, que diso non ten constancia, que se avisa con tempo aos usuarios. Interrómpeo a Sra. Voceira do Grupo Popular insistindo en que non avisan. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicindo que avisan con tempo e que os usuarios normalmente o entenden, que non ten constancia de que non avisaran. A Sra. Voceira do Grupo Popular di que claro que non a ten, que por iso llo di, que estes días quedou xente sen avisar. O Sr. Alcalde en funcións dille que (...) non ten constancia de que quedara un usuario sen avisar e pregúntalle se son usuarios da empresa. A Sra. Voceira do Grupo Popular respóndelle que si, da empresa, que non os chamou ninguén, nin para dicirlle que ían nin para dicirlle que non ían. O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle se non se lles dixo (aos usuarios) nada, se ao día seguinte se desculpáron. A Sra. Voceira do Grupo Popular contéstalle que non. O Sr. Alcalde en funcións dille que lle agradece que llo diga porque non o sabía porque ninguén lle dixo nada nin ese usuario o chamou para nada. Insiste a Sra. Voceira do Grupo Popular en que iso está pasando e que non é de agora que xa pasou moitísimas veces, o de non avisar. O Sr. Alcalde en funcións apunta que desde que está a empresa non pasa, que pasaba



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

antes, pero que agora non e que por iso lle chama a atención que non avisaran. A Sra. Voceira do Grupo Popular contéstalle que desde que está a empresa algunha persoa ten quedado sin avisar, que non di que fora máis xeneralizado. O Sr. Alcalde en funcións insiste en que non tiña constancia diso.

A continuación contesta o Sr. Alcalde en funcións sobre o tema do campo de fútbol. Di que non está anegado, que non é problema de drenaxe e a súa moción (do PP) era polo drenaxe e por iso votaron en contra. Que o problema que tivo o campo de fútbol foi que, a finais de xuño, se sementou todo e estaba perfecto, en xullo estaba ben, a principios de agosto tamén, e despois, parece ser, responden os técnicos de Arce, que en agosto fixo moitísima calor e houbo moita humidade e naceulle unha herba que parece ser un tipo de fungo e esa herba foi comendo a outra e comezou como a secar e, cando secou, hai como máis terra e non absorbe tanto a auga e, agora, esixímoslles responsabilidades, vaise parar o campo 15 días, só para adestrar, para xogar vaise poder xogar, vaise volver a sementar, xa se sementou este día que estaban alí os traballadores, botarlle un líquido para descompactalo. Que se pinchou e se escarificou, pero que o problema foi dun fungo que naceu, segundo eles, pola calor que fixo en agosto e a humidade, e ese fungo foi comendo a herba do lado e... Interrómpeo a Sra. Voceira do Grupo Popular para dicir que o campo estaba anegado. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que foi por iso, non por falta de drenaxe, porque o fungo foi comendo a herba e había terra. Que volve a dicir que, 15 días, 20 dixeron, xogar vaise xogar igual, adestrar non, recomendan non adestrar para que a herba se rexenere e todo iso.

Finalmente, sobre o informe que piden das obras dos traballadores municipais, manifesta que cando queira que llo da, que non houbo tantas. A Sra. Voceira do Grupo Popular dille que o están pedindo, que o queren en papel, por escrito, que aínda que se lles mande para a semana non pasa nada, que lles serve calquera día, unha relación das obras que se fixeron polos traballadores municipais, os obreiros. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si, sen problema ningún, que non houbo tantas, que houbo unha en Queixeiro, acaba de haber unha no Val de Xestoso, que no Val de Xestoso houbo outra para unha base dunha marquesiña, que se acorda desas de memoria, que as ten apuntadas abaixo.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se produce ningunha e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións deu as grazas a todas as persoas asistentes e levantou a sesión, ás dezanove horas e vinte e sete minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor